



ELECCIÓN S LOCAIS 2023

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA

Anuncio

Publicación de candidaturas. Fase proclamación

Elección s Municipais 2023

Olga Pedreira Ferreiro, Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Chantada (Lugo), dou fe e certifico:

Que se teñen apreciado dous erros de transcripción que precisan de corrección a efecto de proclamación das candidaturas publicadas no día de onte no BOP de Lugo :

1º Na candidatura proclamada por esta Xunta Electoral de Zona "Terras de Portomarín-Interior Galego Vivo" para as elección s municipais a celebrar o 28 de maio de 2023, debe procederse a modificación e publicación de erro na proclamación na candidatura:

O erro trátase da inclusión dun dobre "rr" no apelido da candidata que aparece ao numero 4, cando o apelido correcto é:

4.- María Concepción Ruiz " Jarillo".

2º. Tamén debía suprimirse a contracción non existente na denominación xa que a denominación é " Interior Galego Vivo", non sendo correcto a de " Interior do Galego Vivo".

3º.- En relación as candidaturas de "Por Chantada Interior Galego-Vivo" e de " Terras de Portomarín- Interior Galego Vivo" tíñase que suprimir o nome do partido que acompañaba a cada candidato.

Por todo elo,

Malia terse acollido as alegación s, como se lles tiña indicado, por erro involuntario non se fixera o cambio.

As candidaturas de Chantada e Portomarín da coalición a que pertence Interior -Galego Vivo debían quedar do seguinte xeito:

CIRCUNSCRIPCION ELECTORAL DE CHANTADA:

Candidatura núm.: 4. CHANTADA-INTERIOR GALEGO VIVO -CONCELLOS DO INTERIOR CON FUTURO (CIF)

1. Don ANTON FENTE PARADA
2. Doña CRUZ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
3. Doña HELENA FERNÁNDEZ MONTES
4. Don IBÁN RATÓN VARELA
5. Doña ANA Mª RODRÍGUEZ VÁZQUEZ
6. Don XAVIER VIANA ÁLVAREZ
7. Don ANTÓN GARCÍA RODRÍGUEZ
8. Don JUAN RAMÓN VÁZQUEZ SÁNCHEZ
9. Doña BEATRIZ CADAHÍA LORENZO
10. Doña VERÓNICA GARCÍA OTERO
11. Don VÍTOR FERNÁNDEZ CASEIRO
12. Doña LUCÍA LOBELLE GONZÁLEZ
13. Don ISAAC VIANA FERNÁNDEZ

Suplentes

1. Doña ALBA MIRÁS VARELA
2. Don SERGI MORENO LÓPEZ
3. Doña ELISABETH ORTIZ HERNÁNDEZ
4. Don XOSÉ FRANCISCO GARCÍA
5. Doña M^a INMACULADA MACIÑEIRAS FERNÁNDEZ
6. Don MANUEL MOURE PÉREZ
7. Doña PATRICIA GAY LEDO
8. Don XOSÉ HENRIQUE DÍAZ JORGE
9. Doña LUCIA ARGIZ MONTES
10. Doña OLGA OTERO GÓMEZ

CIRCUNSCRIPCION ELECTORAL DE PORTOMARIN:

Candidatura núm.: 2. TERRAS DE PORTOMARÍN-INTERIOR GALEGO VIVO -CONCELLOS DO INTERIOR CON FUTURO (CIF)

1. Don ROBERTO RODRÍGUEZ PÉREZ
2. Don ALEJANDRO VARELA LÓPEZ
3. Don ISMAEL QUINTIÁN LÓPEZ
4. Doña MARÍA CONCEPCIÓN RUÍZ JARILLO
5. Don ELADIO FERNÁNDEZ RIGUEIRA
6. Doña PAULA COTO VÁZQUEZ
7. Don MARIO FERNANDO RESTREPO AGUIRRE
8. Don MANUEL RODRÍGUEZ MARIÑO
9. Doña LUCÍA VILA EDREIRA

R. 1352

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Resolución do 24 de abril de 2023, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo” de clave LU/22/055.06, nos Concellos de Lugo, Cospeito, Ríotorto e O Vicedo.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado da “Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo” de clave LU/22/055.06, produciuse en data 9 de marzo de 2023 polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 59 con data 24 de marzo de 2023. Atendendo ó disposto no artigo 22 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, así como a urxencia da ocupación a efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, dos terreos necesarios para executar esta obra.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens

e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos Concellos de Lugo, Cospeito, Riotorto e O Vicedo, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de O Vicedo.

Lugar: salón de plenos do Concello (Rúa Travesía da Mariña, nº 57, 27860 O Vicedo, Lugo).

Data: 31 de maio de 2023, das 09:20 ás 09:40 horas.

Concello de Riotorto.

Lugar: salón de plenos do Concello (Praza das Rodrigas, nº 1, 27744 Riotorto, Lugo).

Data: 31 de maio de 2023, das 11:40 ás 12:00 horas.

Concello de Cospeito.

Lugar: salón de plenos do Concello (Avenida da Terra Chá, nº 29, 27377 Cospeito, Lugo).

Data: 31 de maio de 2023, das 12:50 ás 13:10.

Concello de Lugo.

Lugar: salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo).

Data: 1 de xuño de 2023, das 10:30 ás 13:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos nos Concellos de Lugo, Cospeito, Riotorto e O Vicedo, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://infraestruturasemobidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso_0321.html

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Lugo.

Lugar: salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo).

Data: 11 de xullo de 2023, das 10:00 ás 13:30 horas.

Concello de Cospeito.

Lugar: salón de plenos do Concello (Avenida da Terra Chá, nº 29, 27377 Cospeito, Lugo).

Data: 12 de xullo de 2023, das 09:00 ás 09:15.

Concello de Riotorto.

Lugar: salón de plenos do Concello (Praza das Rodrigas, nº 1, 27744 Riotorto, Lugo).

Data: 12 de xullo de 2023, das 10:30 ás 10:45 horas.

Concello de O Vicedo.

Lugar: salón de plenos do Concello (Rúa Travesía da Mariña, nº 57, 27860 O Vicedo, Lugo).

Data: 12 de xullo de 2023, das 12:30 ás 12:45 horas.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención vixentes nas datas de realización dos actos convocados no presente anuncio.

Lugo, 24 de abril de 2023.- Xefe do Servizo Provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 1320

Anuncio

Resolución do 24 de abril de 2023, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado dos “Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo)” de clave LU/22/217.06, no Concello de Lugo.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado dos “Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo)” de clave LU/22/217.06, produciuse en data 15 de marzo de 2023 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 62 con data 29 de marzo de 2023. Atendendo ó disposto no artigo 22 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, así como a urxencia da ocupación a efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, dos terreos necesarios para executar esta obra.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Lugo, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Lugo.

Lugar: salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo).

Data: 1 de xuño de 2023, das 09:00 ás 10:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos no concello de Lugo e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://infraestructurasemobildade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resoluciones/aviso_0322.html

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que

sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Lugo.

Lugar: salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo).

Data: 11 de xullo de 2023, das 09:00 ás 10:00 horas.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención vixentes nas datas de realización dos actos convocados no presente anuncio.

Lugo, 24 de abril de 2023.- Xefe do Servizo Provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 1339

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº: 3525/2023 DO 20/04/2023

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 10/100 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL VIXILANTE/A RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2017) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2016)

- Polo Decreto Nº 2825/2020 do 26/05/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial Vixilante/a Recadador/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2017) e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2016), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 10/100 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 04.03.2020

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 154, do 7 de xullo de 2020, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 69, de 14 de abril de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 117 do 17 de maio de 2021.

Unha vez rematado o proceso selectivo o Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 7.03.2023, ACORDOU:

Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de oficial vixilante recadador funcionario/a de carreira do Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2016 e 2017), para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento é a seguinte:

-1 praza quenda libre ordinaria: Don Pablo Coya Gómez, DNI nº ***4897**

-1 praza quenda libre reservado a persoas con discapacidade: Deserta

De conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/10/2019, os aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local.

O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018

OFICIAL VIXIANTE RECADADOR

Don Pablo Coya Gómez, DNI nº ***4897**

SEGUNDO.- O opositor aprobado, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO.- Declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Vixilante/a Recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2016)

CUARTO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 1342

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de abril de dous mil vinte e tres, aprobou inicialmente o "Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador-rúa Túnel de Oural, Lugo", promovido pola entidade mercantil Soriebla S.L.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 26 de abril de 2023.- A Alcaldesa. P.D. O Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana (Decreto 2973/2021, del 16 de abril de 2021), don Alvaro Santos Ramos.

R. 1343

MONDOÑEDO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 31 de marzo do 2023 aprobou inicialmente a modificación de créditos 5/2023, de suplemento de crédito nº 2023/04 financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 144.000,00 euros, e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentase reclamacións, considerase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, facéndose público o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referente orzamento, que queda como sigue:

CAPITULOS	GASTOS	INGRESOS
1.Gastos de personal	2.473.719,98	1.586.462,00
2.Gastos corrientes en Bienes y servicios.	1.845.430,87	57.192,86
3.Gastos financieros	6.000,00	564.400,00
4.Transferencias corrientes	72.900,00	2.006.700,79
5.Ingresos Patrimoniales	0.0	26.333,32
6.Inversións reais.	1.164.382,89	0.0
7.Transferencias capital	0	818.483,37
8. Activos financieros	0	502.861,40
9. Pasivos financieros.	0	0.0
TOTAL	5.562.433,74	5.562.433,74

O que se fai publico para xeral coñecemento e efectos,

Mondoñedo, 2 de maio de 2023.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 1350

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 31 de marzo de 2023, a modificación de créditos nº4/2023, de suplemento de crédito nº 2023/03, financiado con remanente de tesouraría por importe de 2.601,34 euros e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentase reclamacións, considerase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, facéndose público o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referido orzamento, que queda como sigue:

CAPITULOS	GASTOS	INGRESOS
1.Gastos de personal	2.473.719,98	1.586.462,00
2.Gastos corrientes en Bienes y servicios.	1.771.430,87	57.192,86
3.Gastos financieros	6.000,00	564.400,00
4.Transferencias corrientes	72.900,00	2.006.700,79
5.Ingresos Patrimoniales	0,0	26.333,32
6.Inversións reais.	1.094.382,89	0,0
7.Transferencias capital	0	818.483,37
8. Activos financieros	0	358.961,40
9. Pasivos financieros.	0	0
TOTAL	5.418.433,74	5.418.433,74

O que se fai publico para xeral coñecemento e efectos,

Mondoñedo, 2 de maio de 2023.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 1351

Anuncio

Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de maio de 2023 entre outros adoptouse o seguinte ACORDO:

“DECLARACIÓN DE DESERTO E NOVA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA (50% XORNADA), COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTO DE TRABALLO PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, DE XESTIÓN COMPARTIDA NOS CONCELLOS DE ABADIN, A PONTENOVA, BARREIROS, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, A PASTORIZA, POL, RIOTORTO E TRABADA

No Diario Oficial de Galicia, núm. 27 do 9 de febreiro de 2022, publicouse a Orde do 31 de decembro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS700A).

Posteriormente a citada consellería, publicou a Orde do 25 de abril de 2022 de modificación da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 81, do 28 de abril de 2022).

Finamente, a Consellería de Política Social, publicou a Orde do 3 de maio de 2022, pola que se publica a Resolución do 2 de maio de 2022 pola que se finaliza o procedemento de concesión de subvencións destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá para o ano 2022, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014- 2020 (DOG núm. 91, do 11 de maio de 2022), onde se lle concede ao Concello de Mondoñedo subvención para a contratación de persoal para o servizo de atención temperá (1 educador/a social-coordinador/a, a tempo completo, 1 psico-pedagogo/a, a tempo completo e 2 logopedas, a tempo completo, 1 deles de nova creación e 1 fisioterapeuta a xornada parcial-60 h/mes). O período subvencionable neste caso, foi desde o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022. Actualmente contase cunha contratación administrativa para este servizo, considerando que o mellor, tanto desde o punto de vista económico como profesional, para esta unidade sería que todo o persoal sexa propio mediante contratación laboral.

Logo de ver que este concello presentou unha solicitude o 29 de novembro de 2022, para o Servizo de Atención Temperá, na que entre outros profesionais, se solicitaba un/unha fisioterapeuta, co 50% da xornada laboral, cuxo período subvencionable sería desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2024, ao abeiro da Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS700A).

Actualmente, A Mariña Lucense so conta con dous servizos especializados, sendo un deles o que está ubicado no Concello de Mondoñedo, que abrangue dez concellos (Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada) na modalidade de xestión compartida. Neste servizo aténdense a día de hoxe a 50 nenos/as, de non realizar esta contratación podería ser que os nenos e nenas de nova incorporación terían que inscribirse nunha lista de agarda por falta do profesional do servizo, polo tanto habería un retraso na atención aos nenos/as que dificultaría o seu desenvolvemento.

O alcalde asinou, o 13 de xaneiro de 2023, unha providencia que incoaba o expediente de contratación dun/dunha Fisioterapeuta, como persoal laboral temporal, así como a creación dunha bolsa de emprego para este posto de traballo para a continuidade do Servizo de Atención Temperá, de xestión compartida nos Concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Meira, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada, así como unha memoria, da mesma data, que xustificaba a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo. Neste caso, propoñíase a contratación a tempo parcial (50 % xornada) por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa tería unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A convocatoria e as bases aprobáronse a través da Resolución da Alcaldía núm. 2023-0007 do 18 de xaneiro de 2023, e publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 014 do 18 de xaneiro de 2023. O prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 19 ata o 25 de xaneiro de 2023, sen que se presentara ningún/ningunha candidato/a. Existe a necesidade de intentar cubrir de novo este emprego.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro.- Declarar deserto o proceso selectivo para a contratación dun/dunha Fisioterapeuta, como persoal laboral temporal, así como a creación dunha bolsa de emprego para este posto de traballo para a continuidade do Servizo de Atención Temperá, de xestión compartida nos Concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Meira, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada, aprobado a través da Resolución da Alcaldía núm. 2023-0007 do 18 de xaneiro de 2023, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 014 do 18 de xaneiro de 2023.

Segundo.- Realizar unha nova convocatoria para selección e posterior contratación dun/ha fisioterapeuta, como persoal laboral temporal, así como a creación dunha bolsa de emprego para este posto de traballo, para a continuidade do Servizo de Atención Temperá de xeito compartido nos concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada. Neste caso, a contratación será a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A titulación requirida será a de diplomatura ou grao en fisioterapia.

Terceiro.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Cuarto.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA (50% XORNADA), COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTO DE TRABALLO PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, DE XESTIÓN COMPARTIDA NOS CONCELLOS DE ABADIN, A PONTENOVA, BARREIROS, LOURENZÁN, MEIRA, MONDOÑEDO, A PASTORIZA, POL, RIOTORTO E TRABADA

PRIMEIRA.—OBXECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal, para a continuidade do Servizo de Atención Temperá de xestión compartida, nos Concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada, neste caso, a contratación será a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado, ao abeiro da solicitude de subvención realizada por este concellos

según a Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS700A). A presente contratación, polo tanto, estará condicionada á obtención da citada subvención, sendo causa de resolución do contrato a súa denegación, sendo obxecto destas bases a selección:

- Un emprego de FISIOTERAPEUTA e creación dunha bolsa de emprego para este posto de traballo

Neste caso, a contratación será a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Este proceso selectivo realízase mediante o sistema de CONCURSO – OPOSICIÓN.

As funcións serán as que encomende o Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue, e entre outras as seguintes:

- Deseño e avaliación de programas personalizados de intervención para o neno/a, a familia e a contorna.
- Apoio emocional, social, informativo e formativo no relacionado coa
- Información diagnóstica.
- Elaboración de documentación técnica e pautas individualizadas.
- Intervención directa cos nenos e nenas e as súas familias segundo as necesidades.
- Información e asesoramento a familias en sistemas alternativos de comunicación e desenvolvemento da linguaxe.
- Valoración de situacións de risco, dificultades e trastornos do desenvolvemento da comunicación, a linguaxe e a fala.
- Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiás .
- Coordinación cos profesionais implicados no proceso de intervencións dos menores: pediatría, neonatoloxía, servizos sociais, servizos educativos, etc.
- Elaboración de protocolos de valoración específicos.
- Derivación a outros servizos específicos.
- Elaboración de documentos de apoio e o plan de acción anual e memoria de actuacións.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio con resarcimento da quilometraxe realizada.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizossociais comunitarios e o seufinanciamento.

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL

1.-MODALIDADE E DURACIÓN:Neste caso, a contratación será a tempo parcial, 50% xornada, por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presente contratación, polo tanto, estará condicionada á obtención da citada subvención, sendo causa de resolución do contrato a súa denegación.

2.-XORNADA DE TRABAJO, será a tempo parcial (50% xornada), de luns a venres,cos descansos establecidos legalmente.Traballarse no Concello de Mondoñedo ou en calquera dos concellos que forman esta agrupación, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

3.-RETRIBUCIÓN:

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

1 fisioterapeuta a tempo parcial (50% xornada)	835,44 €/mes
--	--------------

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e/ou á finalización do contrato.

Este salario bruto mensual, de ser o caso, verase incrementado na porcentaxe establecida para os traballadores temporais da administración pública correspondente ao ano 2023 que estableza a normativa orzamentaria para o citado exercicio.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
 - c) Ter cumpridos dezaseis anos.
 - d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
 - e) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións.
 - f) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
 - g) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
 - h) Titulación académica: Estar en posesión **da Diplomatura ou Grado en Fisioterapia**.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- i) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

j) Acreditar formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.

k) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos concellos da agrupación, así como aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).

QUINTA.—FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN FISIOTERAPEUTA PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTO e chegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida, formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir B.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4”, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª).
- Fotocopia cotexada formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

-a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

-a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

-a data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición e a valoración de méritos, realizándose primeiro a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicárase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante dous (2) días hábiles seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante Resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría segunda (2ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio.

OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.

FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo

1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:

a) Por servizos prestados en calquera administración pública con menores e/ou familias con menores: 0,06 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores 0,03 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

1.2. ACCIÓNS FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver.

a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.

b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.

c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso

d) Cursos de 5 a 50 horas, 0,15 puntos por curso

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organización sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

FASE DE OPOSICIÓN: A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obligatorio e eliminatorio**:

-Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obligatorio e eliminatorio.

-Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado do Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor da persoa que posúe maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver. De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lles sinala ou ben renuncien ao emprego.

DECIMA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
 - b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
- Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditarase mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
 - d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
 - e) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.
 - f) Tarxeta sanitaria da Seguridade Social e documento acreditativo do número de conta bancaria.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMA PRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO POR UN PERÍODO DE TRES ANOS

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o/a aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde á chamada, o/a aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- A renuncia ou a non finalización dun contrato no prazo establecido por causas imputables ao traballador suporá o paso ao último lugar da bolsa de emprego. Así mesmo, unha nova renuncia ou incumprimento dese prazo suporá a exclusión definitiva da bolsa de emprego.

5.- Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un traballador non superase o período de proba suporá a exclusión definitiva da bolsa.

6.- A primeira contratación será a tempo parcial (50% xornada) por un período de 6 meses, e unha vez finalizada a relación laboral, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

7.- A vixencia da bolsa será por un período de tres anos a contar desde o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO.

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>). O resto de actos do procedementopublicaransena sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderáinterpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

-Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinteao da súa notificación ou publicación do acto ouacordo.

-Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da ordexurisdictional contencioso-administrativo que correspondan, consonteoadisposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinteao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devanditaLei.

DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
con DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de....., con enderezo en.....
.....Concello.....
teléfono..... e correo electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura dun emprego DE FISIOTERAPIA E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTOPARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, de conformidade coa convocatoria aprobada na Xunta de Goberno do 3 de maio de 2023.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2023

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANEXO II (TEMARIO)

1. A Constitución Española do 1978.
2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma
3. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
4. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
5. Oorramento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
6. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
7. O persoalaoservizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
8. Calidade dos datos. Dereito de información narecollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
9. O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.
10. Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.
11. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
12. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

Materias específicas:

1. Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizossociais de Galicia.
2. Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.
3. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizossociais comunitarios e o seu financiamento.
4. DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizossociais comunitarios e o seu financiamento.
5. DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizossociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ápersoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
6. Orde do 2 de xaneiro de 2012, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereitoáprestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes
7. Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.
8. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
9. O servizo de educación e apoio familiar.
10. A coordinación profesional na intervención en atención temperá: Familia, escola...
11. Libro branco da Atención Temperá. 2015-2017 Xunta de Galicia.
12. A Prevención en Atención Temperá. Niveis e actuacións.
13. DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
14. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas naLei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
15. Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá
16. Organización diagnóstica para a Atención Temperá. Federación estatal de asociación de profesionais de atención temperá.
17. Intervención Temperá en Europa: Organización de Servizos e Asistencia aosNenos e as súas Familias. Tendencias en 17 Países Europeos.
18. Axenda da Atencióntemperá de Galicia
19. Resolución de 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de ServizosSociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de ServizosSociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á

Dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolveda e avaliación anual correspondente ao exercicio 2012 dos resultados de aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

20. Medidas de apoio a persoas con discapacidade.
 21. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade.
 22. Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
 23. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. “
- Mondoñedo, 3 de maio de 2023.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1353

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0112 ,foi aprobado o PADRÓN SAF- XANEIRO 2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 5 de abril de 2023.- Alcalde, D. Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1344

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0116 ,foi aprobado o PADRÓN SAF- FEBREIRO 2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, de abril de 2023.- Alcalde, D. Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1345

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0135 ,foi aprobado o PADRÓN SAF- MARZO 2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 14 de abril de 2023.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1346

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía aprobouse a convocatoria e bases de selección de persoal para a provisión dunha praza de Auxiliar Administrativo, ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos de 2023, como persoal laboral temporal, por período de 6 meses. As bases reguladoras estarán expostas na web do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 2 de maio de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

BASES E CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE POL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, ANO 2023.

BASE 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión polo sistema de oposición e con carácter de persoal laboral, de un posto de auxiliar-administrativo durante o prazo máximo de seis meses.

As funcións a desenvolver serán as seguintes: realizarán funcións de atención ao público, axuda na tramitación e arquivo de expedientes, administración electrónica e funcións de apoio á Secretaría-Intervención, todas elas funcións que na actualidade resultan imprescindibles para o correcto funcionamento do Concello.

Esta contratación se realizará con cargo ó Programa “Reforzo do Emprego 2023” que a Excma. Deputación de Lugo ven de implementar a través do seu Plan único para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo, e que foron publicadas no B.O.P Lugo nº 006, en data 09 de xaneiro de 2023.

BASE 2.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nestas, polo establecido:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Decreto Lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local e tamén, con carácter supletorio no disposto no Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.

BASE 3.- RETRIBUCIÓNS

As retribucións serán as correspondentes a un/unha auxiliar administrativo, persoal laboral do Concello de Pol e trátase dun contrato vinculado a programas de activación do emprego regulado na D.F. 2ª RDL 32/2021.

BASE 4.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.
- d) **Habilitación:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) **Titulación:** Graduado en ESO ou equivalente.
- f) Posuír un nivel de coñecemento do idioma galego equivalente o CELGA 2, de non ter o título haberá que realizar unha proba.
- g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 11.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023: *“É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente de concello.”*

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo a selección como traballador/a dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

BASE 5. SOLICITUDES.

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II das presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Pol e dirixirase ao Sr. Alcalde, **no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación** do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. De ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e una declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Certificación ou documento equivalente, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego ou estar en situación de mellora de emprego.
- c) Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por

resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Documentación acreditativa de posuir o nivel de coñecemento do galego equivalente o Celga 2.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro do Concello de Pol en horas de 9 a 14, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Tamén poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Pol.

BASE 6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía dictará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios, sinalándose un prazo de tres (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento. Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

BASE 7.- PROCESO DE SELECCIÓN

OPOSICIÓN.

Será o de oposición libre e constará das seguintes probas:

A) Proba de coñecementos. Dita proba divídese en dúas partes, obrigatorias e eliminatorias.

1ª.- Parte: Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa Anexo á convocatoria, durante un período de 60 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Cada pregunta acertada se valorará 0,25 puntos, mentras que cada pregunta contestada erróneamente restará 0,125 puntos. O cuestionario tipo test puntuarase de 0 a 10 puntos. Para aprobar esta fase de oposición será necesario obter un mínimo de 5 puntos. O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

2ª Parte: Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos, propostos polo Tribunal. O seu contido situarase no ámbito das materias tratadas dentro do programa establecido nestas bases e estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria, no tempo que estableza o tribunal.

Nesta proba, que se cualificará cun máximo de 10 puntos será necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala

B) Coñecemento do idioma galego.

Proba obrigatoria e eliminatoria

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 2 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto. A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous

primeiros exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, no taboleiro de anuncios do Concello e naqueles outros lugares que se estimen oportunos, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida conforme ao estipulado nas bases Xerais reguladoras deste proceso selectivo.

BASE 8.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final no proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas probas da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia a aquel/a aspirante que acadase unha maior puntuación na primeira proba.

2º.- De persistir o empate, terá preferencia o/a aspirante cunha maior puntuación na segunda proba.

3º.- Finalmente, se continúa o empate, e non resultase de aplicación a Lei de Igualdade efectiva, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido dos aspirantes empatados, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados e iniciarse por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto no Resolución do 22 de abril de 2022, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, publicada no BOE número 114, de 13 de maio do ano 2022.

BASE 9.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

A data, lugar e hora de celebración das probas da fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Pol e na web municipal.

As diversas probas poden non respectar o prazo mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración publicarase na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan.

Deberán acreditar a súa identidade mediante a exhibición do DNI, permiso de conducir, pasaporte ou documento equivalente, no caso de estranxeiros/as, exhibición que poderá serlle requirida por calquera membro do tribunal no curso do desenvolvemento dos exercicios.

Concluído cada un dos exercicios da oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Pol, a relación de aspirantes que o superaron, con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

BASE 10.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal constituirase por resolución da Alcaldía, que se publicará no taboleiro de anuncios e na web municipal. Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente/a, un secretario/a e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados/as xunto cos titulares. Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á Alcaldía, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas, para a categoría convocada, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O presidente esixirá dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. 9.3.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente/a e do Secretario/a.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da

maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do/da Presidente/a titular e do/da Presidente/a suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores/as especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os/as ditos/as asesores/as unicamente a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

BASE 11.- RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

Concluído o proceso selectivo o Tribunal elevará a Alcaldía a proposta de contratación do aspirante que, tendo superado as probas da oposición, conte coa maior puntuación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituir unha lista de reserva para cubrir as baixas, renuncias despois da toma de posesión ou calqueira outra circunstancia que se poida producir durante o periodo de duración do plan de emprego.

BASE 12.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER A PRAZA

Cando se tramite a contratación da persoa seleccionada e no prazo dos 3 días hábiles seguintes a publicación do resultado do proceso selectivo, presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Pol os documentos que se especifican seguidamente:

- 1.- Copia autenticada ou fotocopia do título esixido, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- 2.- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 3.- Fotocopia da cartilla da S.S.
- 4.- Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.
- 5.- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que as ou os aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na cláusula 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

BASE 13.- RECURSOS

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O Tribunal Cualificador queda facultado para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo.

BASE 14.- PUBLICACIÓNS

Aos efectos de publicidade da presente convocatoria, realizarase a publicación en extracto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, publicación que servirá para o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo. Os restantes anuncios do procedemento selectivo serán publicados no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Pol.

ANEXO I

TEMARIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. As cámaras lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tema 2.- Organización municipal. Réxime ordinario: órganos necesarios: Alcalde, tenentes de alcalde, Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- A administración local. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimo obrigatorios

Tema 4.- O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrucción, e finalización. Os recursos administrativos. Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Recursos administrativos.

Tema 5.- O rexistro e arquivo de documentos. Comunicaci3ns e notifi3caci3ns. A pr3ctica das notifi3caci3ns. Termos e prazos.

Tema 6.- Os contratos do sector p3blico. Obxecto e 3mbito de aplicaci3n da Lei de Contratos do Sector Publico. Delimitaci3n dos tipos contractuais. Contratos administrativos e contratos privados. Contratos menores.

Tema 7.- Actividade subvencional das entidades locais: normativa auton3mica e estatal. Disposici3ns com3ns 3s subvenci3ns. Concesi3ns, 3rganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesi3n.

Tema 8.- O réxime de funcionamento dos 3rganos colexiados locais. Convocatoria, orde do d3a, actas e certificados dos acordos.

Tema 9.- O persoal ao servizo da Administraci3n local. Clasificaci3n.

Tema 10.- Lei Org3nica 3/2018, do 5 de decembro, de protecci3n de datos personais e garant3a dos dereitos dixitais. Principios de protecci3n de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento.

ANEXO II.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO BOP DE DATA.....

DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

.....

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO:

MÓBIL:

E-MAIL:

DOMICILIO COMPLETO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

.....

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente, presentando a seguinte documentación (tachar o que proceda):

☐ Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

☐ Graduado escolar ou equivalente.

☐ Tarxeta de demandante de emprego ou documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en situación de desemprego ou na situación de mellora de emprego.

☐ CELGA 2.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL

Deber de informar aos interesados/as sobre protección de datos	
☐ Fun informado/a de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Concello de Pol
Finalidade Principal	Tramitación, xestión e actuacións derivadas do proceso selectivo no que participa.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@concellodepol.gal

ANEXO III MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE POL FINANCIADO CONCARGO Ó "PROGRAMA DE REFORZO DE EMPREGO 2023" DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

D/a.....
provisto/a de D.N.I.nº.....con enderezo en
.....nº..... piso..... C.Postal.....
Localidade..... Municipio..... Provincia.....
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pol para a selección de 1 praza de persoal laboral, coa categoría de auxiliar-administrativo por prazo máximo de 6 meses.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;- no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido á sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello de Pol para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

En _____, a _____ de _____ de 2023.

O/A solicitante,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

R. 1354

SARRIA*Anuncio*

Aprobado inicialmente o expediente de modificación da plantilla e anexo de perosal, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 27 de abril de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación da plantilla e anexo de persoal quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O expediente de modificación da plantilla e anexo de persoal definitivamente aprobado publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 2 de maio de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1347

TABOADA*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 02.05.2023 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 02.05.2023 aprobou as bases para ampliación de bolsa de reserva para cubrir baixas ou vacacións do SAF.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Xornada: completa.
- Salario e seguridade social: 1.260,00 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Funcións: Atencións doméstica, Atencións persoais, Axuda ás persoas dependentes.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no xornal no Boletín oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 2 maio de 2023.- El Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1348

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio*

INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

EXP A/27/23248 .

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para

general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/23248	MVMC de Airoá e Folgoso	Expediente de un aprovechamiento de agua del Regueiro do Castelo en Cereixedo, en el T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a extinción de incendios PETICIONARIO: MVMC de Airoá e Folgoso	09/03/2023

Oviedo, 2 de mayo de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 1349